



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN E A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL - XUNTA DE GALICIA PARA O DEPÓSITO E CUSTODIA DE MATERIAL XENÉTICO DE ANIMAIS DE RAZAS PURAS, CONSIGNADO NO BANCO NACIONAL DE XERMOPLASMA ANIMAL.**

A Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, é o órgano da Administración Autonómica que teñen atribuído o exercicio das competencias en materia de agricultura e gandería segundo o disposto no artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado. O desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control da produción gandeira, así como na elaboración e execución dos programas de conservación e fomento dos recursos zootenéticos autóctonos de Galicia, son algunhas das materias da súa competencia.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos da consellería a conservación dos recursos zoogenéticos animais de Galicia representados polas 10 razas gandeiras consideradas autóctonas en perigo de extinción, mediante a creación e mantemento dun banco de xermoplasma a nivel autonómico. Así mesmo, como garantía de preservación, preténdese enviar un duplicado deste material ao Banco Nacional de Germoplasma Animal dependente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a través da firma dun convenio entre ambas as partes para proceder á execución do depósito, custodia e devolución, no seu caso, do mesmo.

a) Antecedentes

Os recursos zootenéticos proporcionan posibilidades cruciais para o desenvolvemento sustentable da produción gandeira, de aí a necesidade de mantelos como amortiguadores fronte aos cambios climáticos, presenza de novas enfermidades ou modificacións no mercado. Existen ambiciosos plans a escala mundial para a conservación destes recursos





que velan por que a biodiversidade gandeira se utilice para promover a seguridade alimentaria e siga estando dispoñible para as xeracións futuras.

Unha das prioridades estratéxicas para a conservación dos recursos zootécnicos e a necesidade de crear ou potenciar os programas de conservación ex-situ mediante a creación e conservación de bancos de xermoplasma, xa que estas medidas de conservación proporcionan unha garantía de seguridade fronte ás perdas de recursos sobre o terreo e complementan os programas in situ, coas que deben estar vinculadas.

A crecente preocupación pola perda destes recursos induciu á FAO a establecer, en cooperación cos gobernos nacionais, bancos rexionais de xenes animais en todo o mundo e a crear un Banco Mundial de Datos sobre Recursos Xenéticos Animais. Este compromiso foi subscrito por diversos países, incluído España, tras a firma do Instrumento de Ratificación do 16 de novembro de 1993 do Convenio sobre a Diversidade Biolóxica de Río de Janeiro, do 5 de xuño de 1992. Así mesmo, no marco da Unión Europea xa se abordaron as bases para orientar as liñas de traballo no mantemento destes recursos.

Seguindo as recomendacións da FAO (Guía da FAO sobre Crioconservación dos Recursos Xenéticos Animais FAO. 2012. Cryoconservation of animal genetic resources. FAO Animal Production and Health Guidelines. No. 12. Rome), o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), está a constituír un Banco de Xermoplasma a nivel nacional para o que necesita das achegas locais das coleccións de material xenético dispoñible por parte das asociacións de criadores e/o as entidades responsábeis das razas.

Por outra banda, as actuacións que se derivan do Programa Nacional de Conservación aprobado no Real Decreto 45/2019, están a implementarse a través dun Plan de Desenvolvemento que se estrutura en Prioridades Estratéxicas (PE), contemplando a PE-3 as medidas para adoptar no marco da reprodución animal e a xenética, entre outras, as actuacións de recollida de material xenético, almacenamento e ordenación de





bancos de germoplasma, co obxectivo de levar á práctica a conservación ex- situ do noso patrimonio gandeiro.

A Xunta de Galicia non é allea ás actuacións de conservación e mellora das razas gandeiras. Segundo o artigo 17.2. b.4º do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e modifícase parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, sinala que lle corresponde á Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural a planificación dos programas de mellora xenética do gando, a organización e control das condicións sanitarias e zootécnicas aplicables ao material reprodutivo animal e o desenvolvemento e control das actuacións de apoio á conservación, uso e desenvolvemento sustentable dos recursos xenéticos na gandería.

En Galicia están recoñecidas como razas autóctonas en perigo de extinción 10 agrupacións raciais, das cales 5 corresponden a razas bovinas ( Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa), unha raza ovina ( Ovella Galega), unha caprina (Cabra Galega), unha porcina ( Porco Celta), unha equina (Cabalo de Pura Raza Galega) e unha aviaria (Galiña de Mos). Como organismo responsable da conservación dos recursos zootécnicos de Galicia, a Consellería do Medio Rural conta para o desenvolvemento destes programas co Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia (CRZG), situado no Pazo de Fontefiz, Coles (Ourense), dependente organicamente da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, e recoñecido no citado Decreto 149/2018 do 5 de decembro. O CRZG ten como obxectivo a elaboración e desenvolvemento dos programas de conservación e fomento de todas as razas autóctonas galegas en perigo de extinción.

Os traballos de conservación destes recursos en Galicia remontase aos anos 90 do século pasado coa implantación do Plan Integral de Mellora Xenética (PIMX), o cal baseouse nesta materia en dúas grandes liñas de actuación: a) Programa de conservación ex situ, responsabilidade do entón denominado Centro de Conservación e Recuperación de Razas Autóctonas de Fontefiz, que consistiu na creación dos Rabaños Fundacionais





das razas bovinas e tamén na creación dun Banco de xermoplasma, e b) o Programa de conservación in situ que consistiu na identificación no campo de animais que respondesen a determinados prototipos raciais, no rexistro das razas, e no establecemento dunha relación de Propietarios Rexistrados e de Familias Colaboradoras.

No ano 2000 o Centro de Fontefiz pasou a denominarse Centro de Recursos Zooxenéticos de Galicia (CRZG), e os traballos comezaron a compartirse coas Asociacións de Criadores, como entidades colaboradoras para a levanza dos Libros Xenealóxicos, que asumiron a maior parte dos traballos que ata entón integraban o Programa in situ. Na actualidade as actividades integradas no programa ex situ continúan desenvolvéndose no Centro, en concreto o mantemento do Banco de Xermoplasma e dos Rabaños Fundacionais.

O Banco de Xermoplasma de Galicia conta con material xenético almacenado con medios propios das 5 razas bovinas, e está en fase de recolección do resto das especies. Na actualidade conta con 710.424 doses seminais das 5 razas bovinas, 3891 dose da Ovella Galega, 2791 dose de seme porcino e 1.166 doses de seme de Cabalo Galego. Polo momento non hai ningún material xenético da especie caprina (Cabra Galega), nin da aviaria (Galiña de Mos).

#### b) Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) un convenio co obxecto de establecer o marco de colaboración entre ambas as partes para proceder á execución do depósito, custodia e devolución, no seu caso, de material xenético da razas autóctonas galegas en perigo de extinción a depositar no Banco Nacional de Germoplasma Animal.

O presente convenio terá efecto unha vez inscrito no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, ao que se refire a disposición adicional sétima da Lei 40/2015, do 1 de Outubro, de Réxime Xurídico do





Sector Público, e publicado no «Boletín Oficial do Estado», e terá unha duración de quince anos como prevé regulamentariamente o artigo 16.5 do Real Decreto 45/2019 do 8 de febreiro. Prevese a posibilidade de prórroga durante un período adicional de 4 anos máis por unanimidade das partes, tal e como contempla o Artigo 49. h.2º do Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de Outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

En relación a este tipo de convenios o Real Decreto 45/2019, no seu artigo 16.5 recolle que a duración máxima dos mesmos poderá ser de ata 15 anos, de acordo ao establecido pola Lei 39/2015, do 1 de outubro que no seu artigo 49. h.1º, permite expresamente que os convenios teñan unha duración superior a catro anos, se así se establece normativamente. Esta maior duración de vixencia destes convenios dá resposta á natureza das actuacións para desenvolver, que de feito teñen unha duración ilimitada ao ser o obxectivo do Banco Nacional de Germoplasma a conservación a moi longo prazo (décadas ou mesmo séculos) do material depositado no mesmo.

#### c) Obxecto

O convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as partes para proceder á execución do depósito, custodia e devolución, no seu caso, de material xenético das razas puras Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá, Vianesa, Ovella Galega, Cabra Galega, Galiña de Mos, Cabalo de Pura Raza Galega e Porco Celta a depositar no Banco Nacional de Germoplasma Animal

#### d) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O Real Decreto 45/2019, do 8 de febreiro, polo que se establecen as normas zootécnicas aplicables aos animais reprodutores de raza pura, porcinos reprodutores híbridos e o seu material reprodutivo, se actualiza o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras e se modifican os Reais Decretos 558/2001, do 25 de maio;





1316/1992, do 30 de outubro; 1438/1992, do 27 de novembro; e 1625/2011, do 14 de novembro, prevé a creación e coordinación da Rede Española de Bancos de Germoplasma e o envío dunha copia de seguridade ao Banco Nacional de Germoplasma Animal.

Así mesmo, sinala ao Centro de Selección e Reprodución Animal de Colmenar Viejo (dependente do Instituto Madrileño de Investigación e Desenvolvemento Rural, Agrario e Alimentario) como institución que acolle ao Banco Nacional de Germoplasma Animal, e que as comunidades autónomas poderán remitir a este centro unha mostra dos exemplares almacenados no seu territorio, para que exista dualidade de mostras, previr riscos e garantir as medidas de conservación do material xenético.

O Banco Nacional de Germoplasma Animal (BNGA), dispón dun Procedemento Normalizado de Traballo ( PNT) onde se recollen os aspectos relativos ao sistema de funcionamento do mesmo, incluíndo a base legal, os obxectivos, sistema de xestión, responsabilidades, seguimento, etc. En base a este PNT, o material depositado no BNGA terá como único destino a conservación a longo prazo das razas de gando, sendo os seus únicos posibles os seguintes:

- A reconstitución dunha raza/ encaste/variedade/estirpe extinta.
- O apoio á conservación das razas, mediante o incremento da diversidade xenética, grazas á introdución de alelos desaparecidos na poboación silvestre.
- Destrución no Banco de Germoplasma de Orixe do duplicado do material depositado no Banco Nacional de Germoplasma Animal.

Desta maneira, a Consellería do Medio Rural, como entidade responsable do Banco de Xermoplasma de Galicia, considera necesario remitir unha copia de seguridade ao Banco Nacional de Germoplasma Animal para permitir polo menos a reconstitución das razas xestionadas dentro do programa de cría correspondente. Esta dualidade de mostras permitirá previr riscos e garantir as medidas de conservación do material xenético, e a súa vez o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación está interesado na mellor execución de todo programa de conservación e mellora das razas puras presentes no noso país, en especial daquelas autóctonas.





En canto ao réxime de propiedade do material e as obrigacións dos depositantes e o MAPA como depositario, recóllense nas cláusulas do convenio entre ambas as partes.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia. O presente Convenio cumpre o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público Estatal, quedando fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co seu artigo 6, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, séxanlle de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

As actividades previstas no convenio son de colaboración, polo que non teñen carácter contractual, xa que se articulan mediante a posta en común e de forma coordinada de medios persoais e materiais para a obtención desa finalidade común, sendo ambas as partes coxestoras, participando de forma conxunta no resultado obtido.

*Asinado en Santiago de compostela na data da sinatura dixital*

